

# nabucco

**Carla Chenlo Piñeiro**

# NABUCCO



# Datos técnicos

**TÍTULO:** Nabucco

**AUTOR:** Giuseppe Verdi

**AÑO DE COMPOSICIÓN:** 1841


**PERÍODO MUSICAL:** Romanticismo

**FORMA MUSICAL:** Ópera

**FUNCIONALIDADE:** Divertir ao espectador.

**VERSIÓN ESCOITADA:** [Nabucco](#)

# BIOGRAFÍA DO AUTOR



Verdi naceu o 10 de outubro de 1813 en Italia ( Le Roncole) e morreu o 27 de xaneiro de 1901 en Milán. Foi un compositor romántico italiano da ópera do século XIX. Converteuse en organista da igrexa do seu pobo e cando se instalou en Milán intentou entrar no conservatorio, pero non o logrou.

Aparte da súa calidade artística, as súas óperas servían para exaltar o carácter nacionalista do pobo. Na ópera de Nabucco, o coro dos escravos é un dos máis coñecidos en Italia por ese motivo.

Considérase que a madurez deste compositor percíbese en obras como: Don Carlos, Aida...

Nos seus últimos anos de vida, Verdi traballou en obras non operísticas. A pesar de que non era relixioso, compuxo obras litúrxicas como a misa de Requiem e o Te Deum. Tamén compuxo o Himno das Nacións, que inclúe as melodías do himno italiano, francés, inglés...

Verdi tivo dous fillos, ambos faleceron na infancia e a súa muller morreu con 26 anos. En 1833 foi director da Sociedade Filarmónica de Busseto.



Compuxo Nabucco en menos de 3 meses e esta ópera causou gran sensación, axudado polo tema da cautividade dos xudeus en Babilonia. Chegou a ser deputado e senador; a xente adorabao non só como músico, tamén por luchar pola reunificación de Italia.

Sufreu un derrame cerebral e morreu aos poucos días. Primeiro foi enterrado no cemiterio de Monumental de Milán, pero un mes despois o seu corpo foi trasladado a cripta dunha casa de repouso para músicos xubilados na que deixou a súa fortuna e que levaría o nome de “Casa Verdi”



# ANÁLISE MUSICAL

MELODÍA: Empeza cunha introducción instrumental, encontramos tres cadencias suspensivas (0:36), e logo empeza a cantar o coro. O seu movemento é por graos conxuntos case todo o tempo, non hai grandes saltos na melodía. Todo o rato canta o coro, non hai ningún solista.

*Cantabile tutti sotto voce*

Va, pen - sie - ro, sul - l'a - li do - ra - - te; Va, ti  
po - sa sui cli - vi, sui col - li, O - ve o - lez - za - no te - pi - de e  
mol - - li L'au - re dol - - ci - del suo - lo - - na - tal!



**RITMO:** Temos un ritmo regular, xa que leva todo o rato o mesmo tempo. É un compás binario porque ten dous tempos, un é forte e o outro é débil.

**TEXTURA:** Melodía acompañada, xa que a orquestra acompaña ao coro.

**HARMONÍA:** Ten unha modalidade maior. Ao principio, antes de que entre a cantar o coro, encontrámonos con 3 cadencias suspensivas.

**TIMBRES:** Temos un coro mixto, xa que encontramos voces masculinas e femininas. Os instrumentos que compoñen esta orquestra son de corda, vento madeira e metal.

DINÁMICA: O tempo que se usa é lento.

FORMA: Durante todo o coro repítese a mesma melodia.

# OPINIÓN CRÍTICA

Esta ópera xa a coñecía antes de facer a audición e gustábame moito, por iso me apatecía moito facela e coñecer máis sobre ela. A min pareceme unha música moi relaxante e agradable.